



**CAMPOSANCOS**

Este lugar de Camposancos co seu agregado o coto de Saa eran antes unha porción da parroquia de Sn. Lourenzo de Salcidos, e o Sor. Bispo Dn. Domingo fernández Angulo erixíunos en anexo dela no ano de 1782. E máis adiante o Illmo. Sor. Dn. Xoán García Benito no de 1798 desmembrouno enteiramente da matriz, e fixoo parroquia en todo independente desta baixo a invocación da Visitación de Nsa. Sra. e Sn. Mauro Abade. Actualmente reconece por Patroa a Sta. María a Maí de Deus, que celebran aquí o 2 de Xullo. Habitana 198 veciños que, excepto os do lugar de Saa, pertencen polo contencioso político e gobernativo á Xustiza de Barrantes, e os de Saa son súbditos nos mesmos casos á da Guarda. Valen os seus décimos 16.740 reais, dos que leva o Párroco dúas terceiras partes, e o Beneficiado sen cura de Salcidos a outra terceira restante: o primeiro ten casa reitoral e ígrexario de 2 ferrados de pan en semente: paga á Mitra de Tuy 171/3 ferrados de trigo. A fábrica da Igrexa percibe de renda anual 3 cuartos dun ferrado de trigo, 2 ferrados de centeo, 5 de miúdo e 15 reais. Este Beneficio é de presentación insolidum do Conde de Príegue. Confina polo poñente co mar Océano, e polo Sur co río Miño, que entra aquí na mar. Dista da capital Cidade de Tuy 4 leguas." (Ávila y La Cueva, 515).





## Igrexa parroquial

No ano 1138, o Bispo de Tui D. Paio Menéndez manda restaurar o Mosteiro de S. Salvador de Barrantes para os monxes beneditinos.

O Mosteiro, baixo a dirección do seu primeiro Abade, D. Godino, foi medrando en posesións por medio de compras, donacións e privilexios reais, como o que lle fixo o Rei Fernando II o 26 de outubro de 1162 en Burgos. Así formouse o “Coto de Camposancos”, dependendo deste Mosteiro tanto as terras como os seus habitantes.

Ao extinguirse o Mosteiro, este e as súas propiedades pasan a pertencer ao Cabido Catedral de Tui conforme á Bula do Papa Uxío IV, de data 1 de Xuño de 1435. No ano 1760, polas protestas e resistencia dos seus habitantes, o Cabido acorda substituír os tributos e dereitos de vasalaxe polo arrendamento das terras e das casas do Coto aos seus colonos e caseiros.

Coas leis da Desamortización dos anos 1850, o Coto pasou a posesión do Estado que, en escritura do primeiro de Decembro de 1870, pola cantidade de 9728 ptas., devólveo aos veciños de Camposancos. Remata desta maneira a existencia do Coto, aínda que se lle siga chamando así aos bens comunais.

Despois da desaparición do Mosteiro de Barrantes como tal, Camposancos era unha parte da parroquia de Salcidos, na que estaban as capelas de Sto. Amaro e de S. Telmo. Polo crecemento da súa poboación, no ano 1782, o Bispo Fernández Angulo constituíuna en anexo, tendo como centro de culto a capela de Sto. Amaro.

E no ano 1798, o Bispo Xoán García Benito desmembrouna da matriz e fíxoa parroquia independente coa advocación da Visitación de Nosa Señora e Sto. Amaro. Era de presentación do Conde de Priegue.

Os terreos do adro da igrexa e do “campo da Igrexa” colindante foron comprados aos veciños e algunhas parcelas doadas polos mesmos.

As obras da igrexa parroquial comezaron no ano 1816 no lugar que ocupaba a capela de Sto. Amaro, e no ano 1820, cando xa ían moi adiantadas, paralizáronse por diversos motivos, entre eles o económico, segundo consta no auto da visita pastoral que fixo o bispo Casarrubios y Melgar na data de 3 de xullo do 1831. A cantería é realizada por Francisco Valentín Fernández, veciño do Rosal, e axúdanlle 40 oficiais canteiros do mesmo Camposancos.



No ano 1850 Xosé Rolán, carpinteiro, veciño de A Guarda, é contratado para a reparación de toda a carpintería da igrexa, así como o perito Rafael Portela, tamén de A Guarda, para as de cantería.

Conseguida unha subvención estatal de 20.044 reais, reanudáronse os traballos no ano 1853 e remátase a obra o 27 de marzo de 1856.

É dunha soa nave con planta rectangular e ábsida cadrada.

Ten adosada no seu lado norte a sancristía e un anexo de servizo para a mesma.

A **fachada principal** (44) está enmarcada por dúas pilastras con basa que sosteñen sendos pináculos cónicos.

A porta é moldurada e acodada. Enriba dela unha peaña co símbolo das dores da Virxe fai de base a unha pequena fornela onde se atopa a data de remate de igrexa.

Unha ampla fiestra rectangular moldurada, con derrame a ámbolos lados, dá luz ao coro e actualmente ten a **vidreira da Visitación** (45).

Remata o paramento en volutas estilizadas que nos achegan á espadana de dous corpos.

No primeiro, dous ocos en arco de medio punto coas correspondentes campás, e o segundo, con cornixa de separación, sostén nos extremos tamén pináculos cónicos e no centro outro arco de medio punto máis pequeno para unha terceira campá. Remata en cruz pétreo.

Os paramentos exteriores da nave son de pedra, enfoscados e pintados de branco. Os da capela maior, máis estreita que a nave, mantéñense en pedra, aínda que foron preparados para estar tamén enfoscados e caleados. A cuberta da nave é a dúas augas e o presbiterio, a catro.

Accédese á igrexa por un pórtico de madeira acristalado.

A **nave** (48) adórnase con pilastras adosadas que serven de apoio para uns arcos pétreos de medio punto que sosteñen a bóveda de rasilla e caleada.

O piso é un entarimado de madeira.

Conserva os dous púlpitos en pedra, adosados nas pilastras do arco triunfal, e adórnanse cunha venera labrada na mesma pilastra.

O retablo maior, ao igual que os dous que están na nave, é de finais do século XVIII. Presenta tres rúas, cada unha coa correspondente fornela, separadas por catro columnas lisas que sosteñen un potente entablamento. Na fornela central, por riba do sagrario, ten o expositor a modo de custodia. E nas laterais uns medallóns en releve dan paso ás peañas das fornelas coas imaxes do Sagrado Corazón de Xesús e de S. Xosé.





050

Por riba do entablamento, unha fornela central acolle o **grupo escultórico da Visitación** (46), enmarcada nos extremos por xarróns ornamentais. E remátase cun frontis triangular.

No mesmo paramento, xa que o retablo non ocupa toda a superficie, sobre peañas, as imaxes da Virxe de Fátima e a Milagrosa.

Os outros dous retablos son dedicados á Inmaculada (49, 50, 54) e ás Animas (51, 56).

No primeiro deles son de destacar os relevos que enmarcan o Sagrario coas figuras de S. Pedro e S. Paulo (52). E no das Ánimas, a máis do relevo das mesmas (53), o Crucificado, de moi boa feitura (57).



052



051



053



#### FESTAS E ROMAXES DE CAMPOSANCOS

- Santo Amaro (47): 15 de xaneiro e domingo máis próximo
- A Visitación: 31 de maio
- Sta. Trega (56): 23 de setembro

Temos que destacar a presenza dos Xesuítas en Camposancos. Os Condes de Priegue proporcionáronlles unha casa en Anceis (A Coruña) no ano 1872 para que fundaran un Centro de Ensino en Galicia. Como lles quedou pequeno moi pronto, os mesmos Condes de Priegue cedéronlles uns terreos aquí, en Camposancos, para construíren o Colexio no ano 1876. O Fundador foi o P. Tomás Gómez, que exerceu como primeiro Director ata 1881.

Desde o ano 1916 foi xestionado polos xesuítas portugueses ata 1932, no que foron expulsados.

A partir de 1936 foi de novo xestionado polos relixiosos españois.

